

La grammaire inversée



GUÍA DIDÁCTICA

Marco Vélez Barreiro
(EOI da Coruña)

Proxecto realizado no marco dunha licenza por
Formación retribuída pola Consellería de Educación
durante o curso 2016-17.





Táboa de contidos

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos de “La grammaire inversée”	6
3. Aspectos curriculares en que se incide.....	8
4. Metodoloxía e orientacións didácticas	11
5. Actividades.....	15
6. Recursos de avaliación para o alumnado	17
7. Estándares de aprendizaxe	19



1. Introducción

A implantación masiva das novas tecnoloxías da información e da comunicación nas aulas e nos domicilios dos alumnos favoreceu que nos últimos anos se impulsase desde o colectivo docente a experimentación coa denominada “clase inversa” ou “clase invertida” (do inglés *flipped classroom*). Esta técnica é se cadra, xunto coa da gamificación, unha das que máis está dando que falar ultimamente na comunidade educativa, chegando a transcender os círculos estritamente pedagóxicos para saltar á prensa xeralista en numerosas ocasións.

A invención da clase invertida está xeralmente atribuída aos profesores estadounidenses Jonathan Bergmann e Aaron Sams, autores do bestseller “Flip your classroom”. A clase invertida consiste en aproveitar o potencial das novas tecnoloxías para gravar en vídeo a parte teórica dunha materia e poñelo a disposición do alumno para que o poida visionar na casa. Deste xeito, o docente libera tempo de clase para concentrarse nos aspectos máis prácticos da súa materia.

No ámbito do ensino de linguas modernas, a filosofía subxacente ao método comunicativo-accional que se utiliza maioritariamente nas aulas vai moi en liña coa proposta da clase invertida. Isto é así porque na dinámica comunicativa a morfosintaxe está subordinada á comunicación e non constitúe (a diferenza do que viña sendo en épocas pretéritas) un obxecto de estudo en si mesmo. A clase invertida permite gañar tempo de clase para actividades comunicativas deixando os contidos sintáctico-discursivos para traballar na casa a través do vídeo e doutros materiais complementarios.

Os materiais necesarios para traballar seguindo a filosofía da clase invertida poden conseguirse seguindo unha destas tres estratexias:



- 1) Recuperación de materiais elaborados por outros profesores e compartidos por eles desinteresadamente a través da Internet.

Esta estratexia pode funcionar en certos contextos e para cubrir certas necesidades, pero ten inconvenientes que dificultan a súa utilización no marco dunha clase invertida sistemática. Nomeadamente, que é moi difícil atopar materiais que se adapten exactamente aos niveis e contidos que se teñen que impartir de acordo co currículo correspondente. Por outra banda, ás veces estes materiais son incompletos ou, ao contrario, conteñen información que excede as nosas necesidades didácticas. E con frecuencia hai que combinar materiais de fontes diversas, coa conseguinte falta de coherencia en forma e contidos.

- 2) Organización da creación dos materiais por parte dos alumnos no marco dun traballo de clase.

Esta estratexia ten a vantaxe de que os rapaces e rapazas se implican no proxecto, pero ten como inconveniente que os materiais non son de grande calidade técnica nin lingüística, dado que son os propios alumnos os que gravan os vídeos e os audios en francés e non sempre pronuncian axeitadamente. É unha actividade estupenda como exercicio de clase pero non serve se o que se pretende é crear materiais para reutilizalos con outros alumnos.

- 3) Desenvolvemento de materiais específicos

As vantaxes desta estratexia son evidentes: adaptación plena ao currículo, aos niveis e aos contidos; homoxeneidade dos materiais, calidade técnica e lingüística e posibilidade de reutilización e de difusión.



Esta última é a proposta de “La grammaire inversée”, que abrangue o conxunto completo de contidos sintáctico-discursivos establecidos para 4º da ESO polo Decreto 86/2015 do 25 de xuño, de forma que a clase invertida se poida poñer en práctica nese nivel de xeito sistemático durante un curso completo.

Estes contidos correspóndense na súa práctica totalidade cos contidos morfosintácticos dos niveis básicos do currículo de francés da Escola Oficial de Idiomas (Decreto 191/2007 do 20 de setembro). Por iso, “La grammaire inversée” é ideal para ser utilizada tamén nos niveis Básico 1 e Básico 2 de francés das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia (respectivamente, niveis A1 e A2 do MCERL).



2. Obxectivos de “La grammaire inversée”

A continuación, presentamos os obxectivos que o alumnado debería alcanzar ao remate do 4º curso da ESO como resultado da posta en práctica dos ODE de “La grammaire inversée”. Estes obxectivos están adaptados a partir dos obxectivos de etapa tal e como aparecen formulados no Decreto 86/2015 de 25 de xuño:

1. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual mediante o visionado regular de vídeos en lingua francesa e mediante a realización de actividades complementarias sobre aspectos morfosintácticos, seguindo as instrucións do profesor durante o curso académico, para o desenvolvemento da capacidade de aprender en autonomía e como medio de desenvolvemento persoal.
2. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información audiovisuais en francés, para adquirir novos coñecementos lingüísticos nesa lingua con sentido crítico, aprendendo a distinguir as fontes de información online fidedigna doutras menos fiables. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
3. Coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas no campo da comunicación nunha lingua estranxeira, aprendendo a resolver dúbidas morfosintácticas en autonomía, utilizando recursos audiovisuais, buscando información na web, tomando notas e organizando as dúbidas para preguntalas posteriormente na clase.
4. Desenvolver a confianza en si mesmo e na súa propia capacidade para traballar sen o control do profesor mediante o uso das novas tecnoloxías da aprendizaxe e da



comunicación (TACs). Fortalecer o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

5. Comprender e expresarse en francés de maneira apropiada, servíndose das ferramentas web que sexan necesarias para aprender o idioma en autonomía (diccionarios online, conxugadores, correctores, etc) así como utilizando as ferramentas TAC que o/a profesor/a e o centro poñan á súa disposición para servir a ese fin (aula virtual, blogue, foro de discusión, etc).
6. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura, da lingua e da historia francesas, así como o patrimonio artístico e cultural de Francia e, en xeral, da francofonía.
7. Coñecer e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.



3. Aspectos curriculares en que se incide

“La grammaire inversée” ten como obxectivo último o desenvolvemento da competencia lingüístico-comunicativa en francés en todas as súas formas, tal e como estas son definidas polo MCERL. Pola súa natureza, resulta evidente que a subcompetencia gramatical é punto de apoio primario do traballo, pero como xa dixemos, na metodoloxía comunicativo-accional a morfosintaxe non é un fin en si mesmo, senón un medio ao servizo da comunicación. Por iso, as competencias xerais como o coñecemento do mundo (*savoir*), o coñecemento sociocultural, a conciencia intercultural ou as habilidades (*savoir-faire*) son tratadas tamén tanxencialmente en “La grammaire inversée”, dado que as explicacións e os exemplos propostos están construídos en torno ao mundo da francofonía e do dominio da lingua francesa.

A competencia existencial (*savoir-être*), que comprende actitudes e motivacións, así como a habilidade para aprender (*savoir-apprendre*) son partes fundamentais de “La grammaire inversée”, que busca naturalmente desenvolver a capacidade do alumno para traballar en autonomía e desenvolver estratexias que lle permitan solventar problemas e atopar información sen a presenza do profesor.

Dentro das competencias comunicativas lingüísticas, ademais da competencia gramatical tamén se traballan secundariamente a léxica e a semántica (o vocabulario foi escollido coidadosamente para reforzar estas competencias), a fonolóxica (a locución está gravada en francés, o que permite traballar simultaneamente a comprensión oral), a ortográfica e a ortoépica (os elementos escritos da pantalla, así como os subtítulos en francés, contribúen ao seu desenvolvemento).

Alén das competencias xerais e lingüístico-comunicativas establecidas polo MECRL, “La grammaire inversée” ten como obxectivo o desenvolvemento das sete chamadas “competencias clave” recollidas no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no seu artigo 3 (px.



25.441 do DOG do luns, 29 de xuño de 2015). “La grammaire inversée” abrangue todas e cada unha delas desde a óptica da clase invertida:

1. Comunicación lingüística (CCL).

O obxectivo principal de “La grammaire inversée” é o desenvolvemento da competencia lingüística, especialmente no eido da subcompetencia morfosintáctica (tal e como esta é definida, como xa dixemos, no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas no seu capítulo 5 “As competencias do usuario ou alumno”). Porén, tamén son obxecto de especial atención as subcompetencias léxica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, todas elas parte da competencia en comunicación lingüística (CLL).

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) + competencia dixital (CD).

O desenvolvemento de habilidades no manexo das TAC e dos recursos web constitúen un dos pilares do recurso, tal e como aparece reflectido na listaxe de obxectivos que definimos na sección anterior.

3. Aprender a aprender (CAA).

A propia natureza do concepto de clase invertida inclúe a necesidade de desenvolver mecanismos que permitan aprender en autonomía e de mellorar o propio rendemento buscando a información necesaria de forma rápida e eficaz e adquirindo estratexias que permitan aprender unha lingua estranxeira como o francés de forma estruturada e sistemática.



4. Competencias sociais e cívicas (CSC); 5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e 6. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Todas elas, traballadas tanxencialmente no traballo ao longo dos 20 obxectos educativos propostos.



4. Metodoloxía e orientacións didácticas

A dinámica de clase proposta en “La grammaire inversée” consiste en desenvolver actividades comunicativas que permitan mobilizar a competencia morfosintáctica adquirida polo alumno traballando en autonomía na súa casa. Para integrar esta metodoloxía nun curso de 4º da ESO, o equipo docente do Departamento de Francés debería idealmente facer un traballo previo de inclusión deste método na Programación Anual Didáctica, concretando en que unidade didáctica se traballará cada un dos ODEs de “La grammaire inversée”.

Ademais, sería recomendable informar previamente á dirección do centro da posta en práctica desta dinámica de traballo, así como ás familias, para que teñan constancia de que os seus fillos van ter que traballar regularmente coa Internet desde a casa. Previsiblemente, isto facilitará a tarefa e evitará posibles conflitos con familias que non teñan os recursos técnicos necesarios para poder levar a cabo o traballo.

Os ODEs produto deste traballo están presentados en dúas series de versións:

1) As versións SCORM

Estes arquivos ofrécense en formato .ZIP, listos para seren subidos a un CMS (sistema xestor de contidos) compatible co formato SCORM (tipicamente, unha aula virtual Moodle como as que teñen os centros de ensino secundario de Galicia). O profesor/a ten que poñer os ODEs de “La grammaire inversée” a disposición dos alumnos a medida que se vaia desenvolvendo a PAD durante o curso académico.

O alumno accede desde a súa casa á aula virtual e, desde alí, arranca o ODE correspondente. Este ODE consiste basicamente nun vídeo cunha explicación morfosintáctica en lingua



francesa que se pode visionar tantas veces como se queira. Durante o visionado o vídeo detense automaticamente nalgúns momentos e presenta un breve quiz con preguntas (de escolla múltiple, verdadeiro/falso, encher ocos ou resposta curta) sobre os contidos que se acaban de expoñer. O alumno non pode continuar á seguinte sección do vídeo sen contestar primeiro a esas preguntas.

O profesor ten dispoñibles catro versións SCORM para elixir: a versión francesa, a galega, a española e a inglesa. Cada unha delas inclúe os 20 vídeos do traballo, que o alumno pode decidir ver sen subtítulos ou con subtítulos na lingua correspondente. Deste xeito, o profesor pode adaptar o material ás necesidades de cada grupo, poñendo a disposición dos seus alumnos a(s) versión(s) que estime oportuna(s).

En xeral, recomendamos que para os grupos máis avanzados se utilice a versión francesa (sen subtítulos ou con subtítulos en francés). Para os que teñan máis dificultades recomendamos en cambio unha versión cos subtítulos na lingua materna dos estudantes (galego, castelán ou inglés).

2) As versións HTML

Os cartafoles das versións HTML inclúen arquivos de páxina web. Pódense subir a un servidor para a súa publicación en Internet ou pódenselle facilitar ao alumno para que traballe en local con eles.

O profesor ten dispoñibles dúas versións HTML: a galega e a internacional. A versión galega inclúe os 20 vídeos con subtítulos en francés, galego e español, a elixir polo alumno. E a versión internacional inclúe os 20 vídeos con subtítulos en francés e inglés. Cada un dos ODEs así presentados inclúe unhas breves instrucións de uso nas linguas correspondentes dirixidas ao alumno, os vídeos subtitulados e un dossier pedagóxico en PDF que o alumno pode ver en pantalla, descargar ou imprimir, coas solucións dos exercicios para traballar en autonomía.



A clase inmediatamente despois do visionado do vídeo, idealmente, estará dedicada a solucionar dúbidas relacionadas co tema morfosintáctico presentado no ODE e a poñer en práctica o aprendido mediante actividades de tipo comunicativo. Por exemplo, despois de visionar o ODE sobre o “passé composé” (o pasado en francés), o ideal sería que o profesor planificase unha clase na que os alumnos tivesen que contar unha historia en pasado, explicar o que fixeron a fin de semana ou algo similar.

Unha das dificultades que xurde con máis frecuencia á hora de poñer en práctica a clase invertida é a falta de acceso á internet no domicilio dalgúns alumnos. Outras veces ocorre que dispoñen de conexión a Internet pero esta é deficiente, ben debido a unha mala cobertura ou ben debido a un ancho de banda insuficiente para reproducir vídeos de xeito fluído.

Un dos erros que se soe cometer cando se intenta paliar esta situación é visionar o vídeo na clase cos alumnos. Esta estratexia soe provocar que, no futuro, ningún alumno volva ver o vídeo na casa, contando con que o profesor o vai poñer na clase posteriormente. Como alternativa, os inventores da clase invertida propoñen que o alumno ou alumnos que non puideron ver o vídeo o vexan nun aparte na mesa do profesor, no seu computador Abalar, na sala de computadores ou na biblioteca do centro educativo.

Outro problema que pode xurdir é que a narración do vídeo está feita en lingua francesa e pode haber algún alumno que non alcance a seguir as explicacións morfosintácticas nesa lingua. É por iso que ofrecemos todos os ODEs subtítulados en francés, galego, castelán e inglés.

O visionado dos ODEs na casa non exclúe a posibilidade de que o profesor reforce a explicación morfosintáctica na aula ao día seguinte ou mesmo con exercicios adicionais de manuais ou libros de texto complementarios. Isto garante a atención a todos os alumnos, xa



que os máis avanzados virán coa información asimilada e os menos avanzados terán a oportunidade de reforzar os coñecementos na aula.

Nos casos en que, polo nivel dos alumnos, por motivos técnicos ou por calquera outra razón, a posta en marcha da clase invertida non sexa posible, está previsto que este traballo se poida aproveitar tamén de dúas formas alternativas:

- 1) Visionando os vídeos na aula entre todos e facendo os exercicios dos dossieres pedagóxicos in situ.
- 2) Visionando os vídeos na sala de informática ou cos computadores Abalar (de forma individual).

Aínda que con estas estratexias se desvirtúa a natureza e a función da clase invertida, o uso destes materiais audiovisuais na aula sempre lle engade motivación ao estudo da morfosintaxe, talvez, a parte máis árida da aprendizaxe dunha lingua estranxeira.



5. Actividades

A continuación, pasamos a detallar os contidos de “La grammaire inversée”. Están formulados baseándose nos contidos establecidos no Decreto 86/2015 de 25 de xuño para a materia de Segunda lingua estranxeira (francés) de 4º da ESO e organízanse en 20 ODEs individuais:

ODEs DE “LA GRAMMAIRE INVERSÉE”	FORMULACIÓN DOS CONTIDOS CORRESPONDENTES SEGUNDO O DECRETO 86/2015 PARA 4º DA ESO
1) L'article défini et indéfini	Expresión da existencia: a entidade (artigos).
2) La comparaison	Comparación (<i>le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que;</i> (ex: <i>Il n'est pas aussi intelligent que toi</i>).
3) L'interrogation	Interrogación (<i>Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles,</i> pronomes interrogativos (ex. <i>lequel, laquelle, etc.</i>), <i>Ah bon? Moi non, Moi non plus</i>).
4) Les nombres	Expresión da cantidade: números cardinais, números ordinais.
5) La négation	Negación (<i>ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus</i>).
6) Le présent de l'indicatif	Expresión do tempo: presente (verbos irregulares).
7) Le passé récent, le futur proche et le présent progressif	Expresión do aspecto: terminativo (passé récent).
8) Le passé composé	Expresión do tempo: pasado (passé composé).
9) L'imparfait	Expresión do tempo: pasado (imparfait).
10) Le futur et le conditionnel	O futuro (futur proche, futur simple).
11) Le pronom relatif	Expresión da existencia: proposicións adxectivais (où/dont).
12) Le pronom démonstratif	Expresión da existencia (pronomes demostrativos).
13) L'adjectif possessif	Expresión da existencia: a posesión (adxectivos posesivos).
14) L'article partitif	Expresión da cantidade: artigos partitivos.
15) “C'est” et “il est”	Expresión da existencia: presentativos.



16) Le pluriel du nom et de l'adjectif	Expresión da cantidade: plurais irregulares.
17) Les pronoms compléments	Expresión da existencia: pronomes persoais OD e OI.
18) Le pronom "en"	Expresión da existencia: "en".
19) Le pronom "y"	Expresión da existencia "y".
20) L'adverbe en "-ment"	Expresión do modo: Adv. de manière en –ment.



6. Recursos de avaliación para o alumnado

Para facilitar a avaliación do uso de cada un dos ODEs do proxecto “La grammaire inversée” propoñemos o uso dunha rúbrica. En liña coa filosofía do método discursivo-accional e da propia LOMCE, esta rúbrica non se limita a avaliar a comprensión e adquisición dos coñecementos morfosintácticos de cada ODE, senón que avalía tamén a competencia lingüística e capacidade do alumno para poñer en práctica o aprendido nunha ou varias situacións comunicativas reais ou ficcionais que o profesor terá que propoñer na clase despois de traballar o ODE correspondente e que idealmente deberían incluír as catro destrezas comunicativas: comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita.

Esta rúbrica, en si mesma, constitúe un medio para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo. O profesor deberá mobilizar os recursos e as estratexias necesarias para solventar as dúbidas presentadas polos alumnos despois da posta en práctica de cada ODE, propoñendo de ser o caso un proceso de reflexión sobre os logros acadados. Suxerimos como estratexia metodolóxica para a posta en práctica deste proceso o deseño dunha enquisa para recoller a opinión do alumno sobre o traballo desenvolvido, incluíndo: dificultades atopadas, eventuais problemas técnicos, tempo dedicado a cada ODE, etc.

Un medio de retroalimentación aínda máis ambicioso, aínda que tamén moito máis laborioso, consistiría na posta en práctica selectiva de “La grammaire inversée” nun ou varios grupos de alumnos de nivel similar, deixando un ou varios grupos de control (tamén do mesmo nivel) fóra do proxecto. Isto permitiría a comparación de resultados con e sen clase invertida mediante o establecemento dunha proba común para medir os resultados obtidos. A rúbrica que presentamos nesta sección podería ser un excelente punto de partida para a elaboración da proba deste pequeno estudo comparativo.



Rúbrica de avaliación para os ODEs de “La grammaire inversée” :

Nome do/a alumno/a:				
Título do ODE traballado:				
Destreza:	Sobresaliente	Notable	Aprobado	Insuficiente
Expresión oral	<input type="checkbox"/> Fala utilizando os recursos gramaticais do ODE de maneira moi correcta, aínda que pode cometer algún erro ocasional.	<input type="checkbox"/> Fala utilizando os recursos gramaticais do ODE de maneira correcta en xeral, aínda que con algúns erros ocasionais.	<input type="checkbox"/> Fala utilizando os recursos gramaticais do ODE con algúns erros que non impiden a comprensión aínda que ocasionalmente a poidan dificultar un pouco.	<input type="checkbox"/> Fala utilizando os os recursos gramaticais do ODE con moitos erros que, ademáis, dificultan ou mesmo impiden a comprensión.
Expresión escrita	<input type="checkbox"/> Escribe utilizando os recursos gramaticais do ODE de maneira moi correcta, aínda que pode cometer algún erro ocasional.	<input type="checkbox"/> Escribe utilizando os recursos gramaticais do ODE de maneira correcta en xeral, aínda que con algúns erros ocasionais.	<input type="checkbox"/> Escribe utilizando os recursos gramaticais do ODE con algúns erros que non impiden a comprensión aínda que ocasionalmente a poidan dificultar un pouco.	<input type="checkbox"/> Escribe utilizando os os recursos gramaticais do ODE con moitos erros que, ademáis, dificultan ou mesmo impiden a comprensión.
Comprensión oral	<input type="checkbox"/> Recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto oral e comprende perfectamente o seu significado e o seu valor no texto.	<input type="checkbox"/> Recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto oral e comprende bastante ben o seu significado e o seu valor no texto.	<input type="checkbox"/> Recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto oral e comprende máis ou menos o seu significado e o seu valor no texto.	<input type="checkbox"/> Non recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto oral OU recoñéceos pero non comprende o seu significado nin o seu valor no texto.
Comprensión escrita	<input type="checkbox"/> Recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto escrito e comprende perfectamente o seu significado e o seu valor no texto.	<input type="checkbox"/> Recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto escrito e comprende bastante ben o seu significado e o seu valor no texto.	<input type="checkbox"/> Recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto escrito e comprende máis ou menos o seu significado e o seu valor no texto.	<input type="checkbox"/> Non recoñece os recursos gramaticais do ODE nun texto escrito OU recoñéceos pero non comprende o seu significado nin o seu valor no texto.
Exercicios estruturais	<input type="checkbox"/> Manexa moi ben os recursos gramaticais do ODE en exercicios estruturais de encher ocos, transformar estruturas, etc. aínda que pode cometer algún erro ocasional non grave.	<input type="checkbox"/> Manexa ben os recursos gramaticais do ODE en exercicios estruturais de encher ocos, transformar estruturas, etc. sen erros graves aínda que comete algúns erros menores.	<input type="checkbox"/> Manexa os recursos gramaticais do ODE en exercicios estruturais de encher ocos, transformar estruturas, etc. con algún erro grave ou con varios erros menores.	<input type="checkbox"/> Non manexa os recursos gramaticais do ODE en exercicios estruturais de encher ocos, transformar estruturas, etc. OU manéxaos con varios erros graves ou con moitos menores.



7. Estándares de aprendizaxe

Os que presentamos a continuación son unha selección do conxunto dos estándares de aprendizaxe formulados no Decreto 86/2015 para a materia de Segunda lingua estranxeira en 4º da ESO. Trátase dos estándares seleccionados para avaliar o traballo do alumno tras a realización dos ODEs de “La grammaire inversée”. Na lista respectamos os códigos dos estándares tal e como veñen no Decreto para que sexan máis facilmente identificables:

BLOQUE 1: Comprensión de textos orais

- SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.
- SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.

BLOQUE 2: Producción de textos orais

- SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e



reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.

BLOQUE 3: Comprensión de textos escritos

- SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.
- SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.

BLOQUE 4: Producción de textos escritos

- SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

BLOQUE 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe

- SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
- SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.
- SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias



noutras linguas.

- SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.